



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.:MPL

Expediente n.º 2019/E001/000005

DECRETO DA CONCELEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO.

ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante o Decreto n.º 1157/2019, do 23 de xullo, a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego efectuou a convocatoria do proceso selectivo encamiñado á elaboración dunha lista de espera de técnico de administración xeral (persoal funcionario interino) e aprobou as bases correspondentes.

A convocatoria e as súas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) n.º 142, do 30/07/2019.

Advertido un erro nas bases foi corrixido a través do Decreto 1245/2019, do 14 de agosto (BOP n.º 157, do 21 de agosto).

As publicacións tamén foron efectuadas no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal.

Unha vez que rematou o prazo de presentación de solicitudes e de acordo co disposto na base 5.2) ditouse a Resolución 1278/2019, do 26 de agosto, pola que e aprobou a lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Na indicada resolución aparece identificado erróneamente o expediente (2019/C001/000005), polo que se efectúa a oportuna advertencia.

Durante o prazo conferido para o efecto non se presentaron reclamacións.

A aspirante Noemí Braña Seijo achegou dentro de prazo -o 10/09/2019- unha certificación acreditativa dun mérito invocado ao presentar a solicitude de participación no proceso selectivo.

Por iso, de acordo coas bases 5 e 6, procede ditar resolución na que se aprobe a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, se designen as persoas integrantes do órgano de selección (titulares e suplentes) e se fixe lugar, día e hora para a constitución do tribunal e de realización do primeiro exercicio.

FUNDAMENTOS LEGAIS

O artigo 20 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, establece o procedemento de publicación das listas de persoas aspirantes admitidas e excluídas nos procesos selectivos.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 21.1.g), atribúelle a competencia para ditar a presente resolución á Alcaldía. Porén, tal competencia foi delegada na concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego (Decreto 993/2019, do 24 de xuño, publicado no BOP n.º 121, do 28 de xuño).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Aprobar a seguinte lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas:



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.:MPL

Expediente n.º 2019/E001/000005

a) Persoas aspirantes admitidas

Apelidos e nome	DNI
Braña Seijo, Noemí	***7371**
Carrodegas Rodríguez, Ivón	***0299**
Castro Pena, Nuria	***1776**
De Celestino del Barrio, Rafael	***3554**
Díaz Solano, Marta	***3185**
Gómez Ferreiro, María Elisa	***1884**
González López, Judit	***2074**
Nieto Matamoros, Silvia	***4354**
Núñez Pena, Anaís	***9105**
Osinde Vázquez, Mónica	***0699**
Pérez Feal, Sandra	***7999**
Pico Marín, Sara Mercedes	***1362**
Ramos Cuba, José Miguel	***8312**
Roca Vázquez, María	***4609**
Sieira Pérez, Juan Andrés	***5896**
Soto Vivero, Jesús Manuel	***1730**
Vázquez Fernández, Ana María	***6932**
Zorrilla Platas, Víctor Jesús	***6473**

b) Persoas aspirantes excluídas:

Ningunha

2. Designar o seguinte tribunal:

a) Presidencia:

- Titular: Cristina Morán Monzo, interventora do concello das Pontes de García Rodríguez
- Suplente: Mónica Pichel García, secretaria do concello de Rianxo

b) Vogais

1º)

- Titular : Federico María Suárez Cancelo, secretario do concello de Oroso
- Suplente: José Ángel Balseiro Amido, secretario do concello de Rábade

2º)

- Titular: Álvaro Luis Santodomingo González, tesoureiro do concello das Pontes de García Rodríguez
- Suplente: Alejandra Pardo Vázquez, secretaria do concello de Cariño

3º)



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL. 01150709 · CIF P1507100D

Ref.:MPL
Expediente n.º 2019/E001/000005

- Titular: Lucía Varela Martínez, interventora do concello de Pontedeume
- Suplente: Eduardo Mera Rico, interventor do concello da Laracha

c) Secretaría

- Titular: Marina Núñez Orjales, secretaria de concello das Pontes de García Rodríguez
- Suplente: Loreto López Fernández, secretaria do concello de Camariñas

3. Fixar o lugar, día e hora de constitución do tribunal e de realización do primeiro exercicio, nos seguintes termos:

a) Lugar: Edificio de Usos Múltiples Culturais *Doutor Dopeso*, situado na Rúa Rosalía de Castro, 22-26, desta localidade.

b) Constitución do tribunal: día 27 de setembro de 2019 ás 09:45 horas.

c) Realización do primeiro exercicio

Día: 27 de setembro de 2019

Hora: 10:00

4. Convocar as persoas aspirantes para a realización do primeiro exercicio no lugar, día e hora indicados, lembrándolles a obriga de acudir en provistos do DNI para a debida identificación.

5. Publicar a presente resolución na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, como dispoñen as bases de convocatoria, e citar as persoas integrantes do tribunal seleccionador para o acto de constitución de tal órgano.

Esta resolución, pola súa natureza de acto de trámite, é irrecorrible. Porén, a oposición ao seu contido poderá ser alegada polas persoas interesadas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

Igualmente, se coidan que o dito acto decide directa ou indirectamente o fondo do asunto, determina a imposibilidade de continuar o procedemento, produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, poden interpor, perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes a partir da súa publicación, un recurso potestativo de reposición, que terá que se fundamentar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

As Pontes de García Rodríguez, na data á marxe consignada